





* Na realidade o ollo humano transmite o fenómeno da luz por medio de raios visibles. As 7 cores que Newton obtuvo ó facer pasar un raio de luz branca a través dun prisma de cristal son a vermella, magenta, amarela, verde, cian, añil, violeta.

Máis as cores fundamentais para representar á luz son tres: **magenta, cian e amarela**. O resto das cores obtense da mixtura destas.


66



* Cando a luz incide sobre un obxecto, éste absorbe algúns das cores que a compoñen e rexeita outras. Cando as que son rexeitadas chegan o noso cerebro, éste tinxe ó obxecto da cor que lle chega.

Se un corpo absorbe os raios de todas as cores menos a do cian, o cerebro vaino ver *cian*.

Con todo, se o mesmo corpo rexeita o cian e o amarelo, cando ambas, as dúas chegan a nós, veremos a cor sumando as dúas, é dicir, *verde*.



* Se o obxecto que recibe a luz a rexeita por completo sen absorber ningún dos seus compoñentes, veremos **branco**. Ó ser rexeitados os raios luminosos e chegar o noso ollo xuntos, o noso cerebro os suma e esta suma da *magenta, cian e amarela* é a cor branca. Máis se ese corpo absorbe todos os raios da luz branca e non rexeita ningún, o noso ollo non percibe compoñente cromático algún e entón a característica que se lle atribúe a ese obxecto é a ausencia de cor (**negro**).

* O efecto coñecido como “*arco iris*” prodúcese cando a luz branca atravesa minúsculas gotas de auga en suspensión descompoñéndose nas distintas cores que a forman.

Este efecto é similar o que en 1665 reproducíu **Isaac Newton** no seu experimento facendo pasar un raio de luz branca a través dun prisma para observar como se descompoñía o espectro coñecido de sete cores.

* Dende o principio dos tempos, o home primitivo mixturaba diversos materiais con grasa animal para que quedasen pegados sobre as superficies. Con este sistema trazáronse as primeiras pinturas nas cavernas.

Para poder empregar cores diferentes esmagábanse diversos tipos de terras e utilizábase o xeso para a branca. Estes materiais reducidos a po e a moitos outros, que antes foron de orixe natural e agora son sintéticos, denomínanelles pigmentos.



Arco Iris. Parque Nacional de Doñana.

* O *carbón de madeira* aún séguese empregando para debuxar bocetos, pois é sinxelo rectificar o trazo. Antigamente para obter a cor negra rañábase o interior das chemineas onde o fume íbase depositando. Con ese pigmento fabricábase unha cor negra moi popular denominada “*negro de fume*”.


67




CARBONCILLO DE MADEIRA QUEIMADA.


* Os distintos tipos de pinturas que empregamos (*óleo, acuarela, etc*) están formados por certas cantidades de pigmento que diferencian unha cor doutra.

O fabricante mixtura o pigmento cun produto de *carga* para darlle corpo e cun *ligante* (aceite, goma, etc) que determina o tipo de pintura. Cando o ligante é o aceite, a pintura é o *óleo*. Se mixturamos o pigmento con goma arábica, son barras de *pastel*.






* Hai tres cores ás que chamamos primarias porque non nacen da mixtura doutras. Con todo, delas podemos obter todas as demais. Son a **magenta**, a **cian** e a **amarela**.



* As cores secundarias nacen da mixtura das cores primarias dúas a dúas. Amarela con cian igual a **verde**; cian con magenta igual a **violeta** e magenta con amarela igual a **vermella**.



* As cores secundarias teñen unha grande luminosidade porque na súa composición só poden entrar dúas primarias, é dicir, cores puras.

Ademais das cores secundarias directas formadas por partes iguais de primarias, tamén son cores secundarias as das segundas mixturas, é dicir, aquelas que teñen máis dunha que doutra.

Por exemplo, a cor verde fórmase con parte de cian e parte de amarela, aínda que obteremos un verde máis amarelento se mixturamos dúas partes de amarelo por unha de cian e será máis azulado se o que mezclamos son dúas partes de cian e unha sola de amarelo.



JUAN M. CANEJA. "Paisaxe" Colección Particular.


* A influencia da luz na natureza é tal que o sol do serán pode "tinxir" as cores orixinais das cousas. Esa cor inflúe nas demais producindo un **efecto harmónico** porque pasa a formar parte de todas elas. Podemos dicir que se converte nun aspecto común a todas.

* As harmonías de cor danse tamén cando coinciden no mesmo tempo e lugar elementos naturais que teñen cores que podemos situar na mesma zona do *círculo das cores*.


* O artista plástico pode experimentar coas relacións que teñen entre si as diferentes gamas de cor.

Se tratamos de representar unha harmonía de cor, hemos de ter moito coidado para non poñer algunha cor que rompa dicha harmonía ó estar situado "fóra de gama".





* A gama comprendida entre o magenta e o amarelo denomínase **gama de cores quentes**. Estes recórdannos as tonalidades do lume, de aí, o seu nome.





* A **gama de cores fría** exténdese desde o violeta ata o verde. Produce unha impresión de quietude e tranquilidade.

70

* Todas as cores do círculo teñen fronte a sí a súa complementaria. Empregar dúas **cores complementarias** é moi útil cando quereamos realzalos.

Se queremos que unha cor chame especialmente a atención do espectador, podemos rodealo pola súa complementaria acadando así que pareza á vista máis brillante e luminoso. Este efecto é na realidade un fenómeno óptico porque non mixturamos unha cor con outra.



MÁSCARA. Teatro da ópera. Pekín.



* A cor sempre fascinou o home. Dende a antigüidade empregouse como elemento máxico-simbólico para decorar obxectos de uso común e de culto. Para expresar certas actitudes pintábase o propio corpo.



71

ILUSTRACIÓN FEITA CON AERÓGRAFO.




CLAUDE MONET. "Nenúfares" Harmonía en verde.

* Cando nunha composición harmónica empregamos unha **cor complementaria** á gama tonal dominante, ésta chama a atención do ollo rapidamente. Neste caso, o tono xeral (*gama de azuis*) potencia o complementario (*laranja*), mellorando notablemente a percepción de ambas as dúas.

* Nas relacións cromáticas se integran cores procedentes de gamas de cor distintas. Pode crearse un ritmo entre eles que fai que a percepción do conxunto pareza unha soa gama tonal. Pode incluír nunha harmonía de cor algunhas que non procedan da mesma gama porque se teñen elementos comúns poden integrarse visualmente.

técnica (tempera)



* A pincelada ten que ser **firme** e **uniforme** cun traxecto ben definido.

* Cómpre non **cortar** a pincelada porque ó seguir queda unha marca.

* Para cubrir unha superficie é conveniente que o pincel sexa de **grosor suficiente** e as pinceladas **amplas**.


* Moi a miúdo son necesarias dúas capas para que a cor cubra o fondo.

* Cando hai pintura de máis no pincel aparece o que se chama "**empaste**".

* Se a tempera ten auga de máis na mixtura, a pincelada transparente o fondo.

* A pintura ten que estar mixturada con algo de auga porque se non o pincel deixa unha pincelada irregular.

72



* A gama de **vermellos** e **laranxas** conséguese coa mixtura do **magenta** e o **amarelo**.

* Os **verdes** obtense coa mixtura do **amarelo** e o **cian**.

* Os **azuis**, **violetas** e **morados** son o resultado de mixturar o **magenta** e o **cian**.



* Todas estas cores poden ser máis claros ó mixturarse **branco** e máis obscuros ó engadirilles **negro**.



* Cando estamos a falar de cores luz, referímonos ós raios luminosos que nacen da descomposición da luz branca. Estas cores son extremadamente puros e as súas mixturas tamén o son. As pinturas que empregamos cando traballamos con cores son **pigmentos**, é dicir, cor-materia que ten unhas cualidades diferentes e que inclúe na súa composición elementos extraños como espesantes e ligantes. Por iso, as cores de mixturas que facemos co pincel nunca son tan puros como as cores luz.

* Cando traballes con pinturas, ten en conta que o poder de “*tinxir*” de cada cor é diferente. Por este motivo, o amarelo vólvese axiña verde se temos o pincel manchado de azul. Se dicimos que tal cor está formada de dúas partes de un e unha parte doutra, na realidade iso dependerá de cales sexan as cores que hai que mixturar e do seu poder colorante.

* Cando se traballa con cores, é imprescindible que todo os utensilios estean **perfectamente limpos**. O máis mínimo rastro de pintura que quede no pincel, a auga ou o trapo fai que o resultado da mixtura sexa diferente.

73

Vocabulario

* **CROMÁTICO** _____

Relativo as cores (Croma = cor).

* **GAMA** _____

Grupos de cores que presentan afinidade entre si.

* **PIGMENTO** _____

Materia natural ou artificial que lle da a “cor” á pintura.

* **CARGA** _____

Material que se inclúe no proceso de fabricación de pinturas para que espesen e teñan “corpo”.